



DELIBERACIÓNS

1 O subdirector xeral informa fai entrega do documento definitivo das prazas vacantes do concurso xeral de traslados e explica os cambios introducidos ao respecto do anterior documento que se entregara e de seguido pasa a informar sobre as reclamacións recibidas e os motivos da súa estimación ou desestimación.

2. Na rolda de rogos e preguntas o representante da CIG propón que se inclúan na acta desta reunión os criterios empregados para determinar as prazas que se convocan no concurso. Esta proposta tamén a subscriben as outras organizacións presentes: CCOO, FeSP-UGT e ANPE.

O subdirector xeral informa que se elaborará ese documento para incorporar a este acta e que se convocará as organizacións para a súa sinatura.

Sen máis asuntos que tratar pechase a sesión ás 11.00 horas.

ANEXO da acta da sesión do 09/04/2019

Criterios empregados pola Administración para a determinación das vacantes a ofertar no concurso de traslados para os corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional son os seguintes:

Primeiro. Horario necesario para a oferta de vacantes.

- A primeira vacante ofertarase, con carácter xeral, con 14 horas lectivas, computándose, para estes efectos, as horas de redución por xefatura de departamento.
- A segunda e seguintes vacantes ofertarase sumando ás 14 horas ao horario lectivo establecido de 20 horas para o persoal funcionario docente pertencente aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional en aplicación da Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente.
- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 nos centros de liña 1 e nos departamentos unipersoais.
- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 naquelas especialidades nas que, polo número de horas da especialidade existentes nos centros, se demore en exceso no tempo a obtención do primeiro destino definitivo polo profesorado en expectativa de destino.

Segundo. Planificación educativa.

As vacantes que se oferten deberán ter o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

Terceiro. Cómputo do horario.

De conformidade co establecido no punto anterior, e sempre dentro do cupo asignado a cada centro, para determinar as horas existentes en cada especialidade computaranse as horas: